

ALGUNHAS REFLEXIÓNS SOBRE A TERMINOLOXÍA USADA EN ARQUEOLOXÍA: ARREDOR DO TERMO *CASTRAMETACIÓN* E O SEU EMPREGO NA LINGUA GALEGA

José Manuel Costa-García

Universidade de Santiago de Compostela / Vrije Universiteit Amsterdam
josemanuel.costa@usc.es

Concepción Diéguez Diéguez

Reverso Comunicación, Cultura e Lingua (España)
asesoramento@reversocomunicacion.com

Resumo: O feito de contar cunha terminoloxía propia é un dos elementos que mellor exemplifica a autonomía e solvencia adquiridas por unha disciplina científica. Ao manterse un discurso formalmente correcto, sensible e axustado ao obxecto de estudo redúcense os equívocos na transmisión do coñecemento.

Nesta liña, a partir do estudo histórico do vocábulo *castrametación*, neste traballo afondaremos na casuística específica da arqueoloxía, na que este proceso dista de estar concluído –o que transmite a imaxe dunha disciplina en construción–, e como a cuestión relaciónase coa escaseza de traballos científicos estritos en galego.

Este fenómeno evidencia a necesidade dun debate interno na construción dese corpus terminolóxico propio, pero tamén dunha activa colaboración interdisciplinar coa lingüística para que no dito proceso non se cometan excesos ou erros de vulto.

Palabras chave: Terminoloxía, lexicografía, arqueoloxía, campamentos romanos, idade moderna.

Title: Some reflections on the terminology used in archeology: around the term *castrametación* and its use in the Galician language.

Abstract: The development of a terminology is one of the elements which exemplifies the independence and rigour of a given scientific discipline. The maintenance of a formal, sensitive and definable

framework for the field makes it possible to reduce mistakes in the transmission of knowledge and the dissemination of ideas.

We have tried to stress, through the historical study of the word castrametation, that in the field of archaeology, this process is far from complete. It highlights the picture of a discipline under construction. The situation can be also related to the lack of scientific output using the Galician language. This makes it evident that an internal debate on terminology is much needed, within the wider framework of an active interdisciplinary collaboration with linguistics in order not to commit excesses or errors in this process.

Key words: Terminology, lexicography, archaeology, Roman camps, Early Modern Age.

1. Introducción¹

A arqueoloxía adoita incorporar un bo número de metodoloxías e técnicas procedentes doutras disciplinas científicas para a análise do seu obxecto de estudo (isto é, o comportamento humano no pasado a través dun rexistro material e documental). Deste xeito a conformación do seu discurso científico móstrase permeable por igual á introdución de cultismos, neoloxismos e empréstitos lingüísticos. Malia a existencia dalgún dicionario terminolóxico específico (Romero/Arias 1995), o certo é que, ben sexa pola celeridade coa que se transforma a disciplina, ben pola propia desidia dos profesionais deste eido, nunca se produciu no ámbito galego unha reflexión de fondo sobre esta cuestión. Do mesmo xeito, tampouco existen mecanismos de control internos que velen pola corrección do discurso, tanto a nivel lingüístico como propiamente científico².

1 Este traballo foi realizado no marco do proxecto “On war, on peace: re-evaluating the impact of the Roman military presence in Britain, the Lower Rhine and NW Iberia through Archaeology”, financiado polo programa de Axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, da Xunta de Galicia (Resolución 17/06/2016, DOG num. 122, 29/06/2016).

2 En efecto, iniciativas como as da *Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Xeografía e Historia (SNL-USC 1996)* tiveron un alcance moi limitado no tempo e no espazo. Por outra banda, a profunda crise económica que atravesa o sector profesional

Nas últimas décadas, o estudo do exército romano no noroeste da Península ibérica foi un dos ámbitos que viviu unha maior renovación no mundo da arqueoloxía³. Non obstante, como xa se alertaba algún tempo atrás (Costa-García 2013: 24-31), este rápido desenvolvemento demanda a construción dun corpus terminolóxico preciso e axustado á realidade histórico-arqueolóxica para estudar.

Dunha banda, documéntase na produción escrita unha tendencia á utilización de expresións latinas por considerarse que estes vocábulos comparten unha raíz cultural común coas realidades que describimos, pero o certo é que con frecuencia o excesivo afán cultista deriva nun uso incorrecto destas. Así, descóidanse determinados matices destas palabras, flexiónanse incorrectamente, óbvíase a súa evolución semántica ao longo do tempo, e mesmo se chega caer nun préstamo deslexicalizado. O emprego de voces existentes nas linguas modernas non está tampouco exento de riscos. Se ben dotan dunha maior exactitude o discurso científico presente, tamén é certo que contan coas súas propias limitacións á hora de definir as realidades pretéritas. Ademais engádenlle ao seu tratamento connotacións que lles son alleas, e inciden frecuentemente a erros conceptuais (*vid. infra* n. 9).

Con todo, existen algúns termos que na súa evolución conservaron plenamente o seu significado orixinario ata tempos modernos. A voz que motiva este traballo, *castrametación* (arte ou técnica de ordenar os campamentos), é precisamente un deles. Como veremos, a cuestión que afecta ao seu uso e que motiva as seguintes liñas, non é de índole semántica, senón formal, pero serve en boa

arqueolóxico en Galicia (Parga-Dans/Varela-Pousa 2011, 2014) dificulta a aparición dunha sólida produción científico-técnica en galego, máis aló dos informes e memorias que esixe a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia (Lei 5/2016, do 4 de maio) para a práctica arqueolóxica, e que constitúen o que convencionalmente se denomina “literatura gris” (Oikarinen 2014).

3 A aparición de novas técnicas de teledetección e o desenvolvemento de metodoloxías específicas para a detección e estudo dos asentamentos militares romanos (Menéndez 2013; Peralta 2002b) permitiu a descuberta de numerosos sitios arqueolóxicos (Camino 2015).

O fenómeno tivo os seus inicios nas áreas cántabra, ástur e normeseiteña arredor do cambio de século (Camino 2002; Morillo 2002; Peralta 1999, 2002a), pero comeza agora a estenderse a outros territorios como Galicia ou o norte de Portugal (Costa-García 2015; 2016; Gago /Fernández 2015; Menéndez 2011; Orejas 2015).

medida para calibrar a problemática terminolóxica que afecta á disciplina arqueolóxica.

2. A expresión latina

Os dous lexemas que compoñen a palabra *castrametación* proveñen de voces latinas de moi antigo uso: *castra* e *metatio*. A primeira delas é a forma plural do substantivo neutro *castrum*, coa que comparte o significado orixinario de posición refuxiada ou espazo fortificado⁴. Nun sentido estrito, por *castra* enténdese o conxunto ordenado de tendas usadas polos soldados en campaña, ao que se lle supón a existencia de elementos de fortificación rodeándoas⁵. Con toda probabilidade, o termo evolucionou ao mesmo tempo que os campamentos primixenios, polo que paseniñamente comezou a definir realidades cada vez máis complexas⁶. O vocábulo perdura en época altoimperial (ss. I a. C.-II d. C.) e fosilízase na denominación oficial de moitos dos asentamentos militares permanentes establecidos nas fronteiras⁷. Deste xeito, na medida en que os antigos campamentos

4 O significado e antigüidade no uso de todos os termos recollidos neste traballo foron contrastados mediante o emprego do *Oxford Latin Dictionary* (OLD) e do *A new Latin Dictionary* (NLDic), así como do *Etymological Dictionary of Latin and the other Italic Languages* (EDicL). Unha breve achega á terminoloxía referida aos sistemas defensivos encontrámola na obra de Romeo Marugán (2005).

5 Tendo en conta as constantes da fortificación romana nestes casos, un foso *-fossa-* e un terraplén ou valado (*agger/uallum*) serían os elementos máis habitualmente empregados neste cometido (Peralta 2002b).

6 Nas fontes latinas atopámonos cun bo número de calificativos para estes *castra*. A diferenciación entre *castra aestiua* –campamentos estivais ou de campaña– (Liv. 7.39.1; Tac. *Ann.* 1.31; Suet. *Aug.* 49.1) e *hiberna* –acuartelamentos invernais e de repouso– (Varro. *Ling.* 5.162; Caes. *B Gal.* 4.38.4; Sal. *Iug.* 37.3; Suet. *Aug.* 49.1) deriva da concepción estacional da guerra dunha sociedade cinguida aos ritmos de produción agrícola (Rolán 1996: 18-20). Pola súa banda, os *castra statiuua* son establecementos militares con vontade de permanencia ou incluso estacionarios (Caes. *B Civ.* 3.37.1; Sal. *Iug.* 44.4; Liv. 44.40.6; Veg. *Epit.* 3.8). Outros epítetos definían determinadas particularidades formais ou funcionais dos campamentos: *naualia* ou *nautica* (Caes. *B Gal.* 5.22) son os *castra* relacionados coas operacións navais; *lunata*, *quadrata*, *trigona*, *oblonga* ou (*semi*) *rotunda* reflicten variedades na forma (Caes. *B Afr.* 89; Veg. *Epit.* 1.23.1, 3.8.4); *necessaria* son aqueles aparecidos no marco dunhas inevitables circunstancias ou dunha situación de particular emerxencia (Ps.-Hyg. *Met.* 56).

7 *Castra Deuana* (Chester, Reino Unido), *Castra Vetera* (Xanten, Alemaña), *Castra Mogontiacum* (Mainz, Alemaña), *Castra Regina* (Regensburg, Alemaña), *Vlcisia Castra* (Szentendre, Hungría), *Castra Batava* (Passau, Alemaña)...

melloraron a factura das súas fortificacións e edificacións internas, *castra* acabou por definir plenamente esta nova realidade de bases militares estables.

Non obstante, a diferenza de *castrum*, que subsiste no galego actual na forma castro e que frecuentemente define unha realidade arqueolóxica concreta⁸, o termo *castra* non se conserva de forma pura na nosa lingua. Con todo, tanto no *DRAG*, coma noutros dicionarios actuais, si que se recolle como lexema en vocábulos expresamente referidos ao mundo militar como poden ser *castrense* ou **castrametación*, forma esta última sobre a que falaremos máis adiante.

Dada esta carencia, e como ocorre nas restantes linguas romances, para referirmonos á realidade histórica dos *castra*, no discurso histórico e arqueolóxico emprégase frecuentemente o termo *campamento* (Alarcão/ Barroca 2012; Alcina 1998; Fatás/Borrás 1990; Romero/Arias 1995)⁹. Para nós, un campamento é unha instalación erixida en terreo descuberto para o aloxamento temporal e protección das tropas en campaña e, neste sentido, entronca co significado orixinario do vocábulo latino. O curioso é que, de maneira análoga ao acontecido na antigüidade con *castra*, co xenérico título de *campamentos* coñécese comunmente o conxunto de asentamentos fortificados de época romana, un aspecto que non deixa de inducir a certa confusión terminolóxica¹⁰.

Por outra parte, os romanos adoitaban referirse cos termos *metatio* (medición) e *munitio* (munition) á complexa arte de establecer

8 Aínda que habitualmente se emprega para definir os asentamentos fortificados da Idade do Ferro (Alarcão/Barroca 2012; Alcina 1998; González Ruibal 2007; Romero/Arias 1995; Speake 1999), a cuestión do uso en arqueoloxía do termo castro-*castrum* dista de estar convenientemente resolta (vid. infra n. 13).

9 Así, no portugués *campolacampamento* (Aurélio; Houaiss); no castelán *campamento* (DRAE); no francés *camp* (TLFi) ou no italiano *campolaccampamento* (Zingarelli; Devoto-Oli; HOEPLI). A excepción é, neste sentido, o romanés, que conserva o termo *castru* (DLR; DEX Online). O uso de *castru* para referirse en italiano e castelán aos “reais”, sitio de acampada e fortificación dun exército, data de época moderna (Ss. XVI-XVIII) e non se emprega na linguaxe actual.

10 En efecto, habitualmente denomínanse *campamentos* algúns asentamentos cuxa descrición máis axustada sería a de *bases militares* ou *fortes* (Caamaño 1996; Carretero/Romero 1996; García-Bellido 2006; García Marcos 2002). Neste sentido, tanto no mundo anglosaxón (Richardson 2002) coma no ámbito xermánico (Luik 1997), a diferenciación adoita ser moito máis marcada.

e ordenar uns *castra*. Ambas as expresións podían empregarse cun sentido totalizador¹¹, definindo a disciplina no seu conxunto, pero sen dúbida cada unha delas alude a un proceso específico dentro da complexa rutina que supón o levantamento dun asentamento militar (Grillone 1977: 795-796).

A *metatio* refírese á mesura, delimitación e ordenación do espazo sobre o que se levantará o asentamento (Fron. *Str.* 4.1.14; 4.3.13; Veg. *Epit.* 3.8)¹². Pola súa parte, a *munitio* (do verbo *munio*, fortificar-defender) pode identificarse co noso moderno termo fortificación, xa que alude por igual á acción mesma de fortificar un determinado posto (Caes. *B Gal.* 5.9.7, 5.39.2) como ao produto resultante deste labor (Caes. *B Gal.* 6.35.9, *B Civ.* 1.42.2, *B Afr.* 31.7; *AE* 1912, 155; *AE* 1911, 101; *CIL* IV, 12483=*ILS* 724)¹³.

Aínda que podemos encontrar nos escritos antigos a expresión *castra munire* no sentido de establecer un campamento (Tac. *Hist.* 2.30; Veg. *Epit.* 1.21-22, 3.8), o certo é que a fórmula semella referirse máis comunmente ao proceso de fortificación (Caes. *B Civ.* 1.18; Liv. 23.35.14; Veg. *Epit.* 1.24), que ten lugar incluso cando o asentamento xa foi establecido con anterioridade.

Semella que a solución *castra metare* estaría máis estendida cando se falaba do levantamento dun novo campamento¹⁴, e así podemos rastrear o seu uso no latín culto das épocas tardorrepublicana (Sal. *Iug.* 106; Caes. *B Civ.* 3.13), altoimperial (Liv. 27.48.2;

11 Por este motivo non resulta estraño que o único tratado técnico romano sobre o ordenamento de campamentos militares que sobreviviu ata os nosos tempos, de autoría e título descoñecidos, se coñeza indistintamente como *De metatione castrorum* ou *De munitioibus castrorum* (Birley 1981; Campbell 1987; Frere 1980; Gilliver 1993, 2001; Grillone 1987; Richardson 2004).

12 Esta tarefa acadou un alto grao de importancia e especialización no seo do exército romano altoimperial: os *metatores* –do verbo *metor*, medir, marcar– (Cic. *Phil.* 11.12, 14.10; Fron. *Str.* 2.7.12) e os *mensores* –do verbo *metior*, medir-delimitar– (*AE* 1983, 941; *AE* 1962, 111; *AE* 1938, 153; *CIL* III, 12656; *CIL* XIII, 6538; *CIL* III, 10976; *AE* 2004, 1258; *AE* 1994, 1424; *CIL* III, 3433; *AE* 1973, 471) serían os soldados encargados tanto de adiantarse á tropa durante a marcha e elixir un lugar idóneo para a acampada como de delimitar e ordenar o mesmo espazo con posterioridade (Sherk 1974: 552).

13 Neste sentido, as *munitiones* –ou *munimenta* (Caes. *B Gal.* 2.17.4; Liv. 3.22.9; *CIL* 8, 2546) – serían as defensas que rodeaban un determinado asentamento (muros, terrapléns, palizadas, fosos etc.).

14 Deixamos agora nun segundo plano outros verbos como *constituire* (constituír), *delineare* (deliñar), *ordinare* (ordenar), *facere* (facer) ou *ponere* (poñer), tamén habituais.

35.14.8; Tac. *Ann.* 1.63; Flor. *Epit.* 1.22.6) ou tardorromana (Amm. Marc. 24.1; Iord. *Get.* 4, 54, 57). Mesmo na edición *Vulgata* da Biblia, que data de finais do século IV d.C., recóllese *castra metari* con bastante frecuencia (*Exod.* 13.20; *Num.* 23.17-31; *Reg.* 27.4). Este feito podería axudar a entender por que esta expresión, aínda que residualmente, sobreviviría nas épocas posteriores.

3. A aparición dun novo vocábulo

Cando Flavio Vexecio Renato escribe o seu afamado tratado de técnicas militares –*Epitoma Rei Militaris*– a finais do século IV d. C., o hábito da acampada xa entrara en decadencia no seo do exército romano. Non é estraño, polo tanto, que a terminoloxía referida a estes asuntos se transformase, ou caese en desuso. No latín medieval apréciase un uso moi residual de *castra* para definir emprazamentos fortificados en favor de vocábulos como *castrum* ou *castellum* –diminutivo o segundo do primeiro– (Gutiérrez 2002, 2014; Isla 2001; Jiménez 1994, 1995; Niermeyer 1976)¹⁵.

Pese a iso, arredor do século XIII algúns textos mostran que a palabra *castrametatio* xa estaría conformada e conservaría plenamente o significado orixinario (*Mittellat. W.* s. v. 345, 16). Con todo, se temos en conta a particular evolución do latín nestes séculos, e o hábito da *scriptio continua* (Ferreiro 1997: 277-279), resulta moi complicado saber o momento exacto no que a expresión se converteu efectivamente nun único vocábulo.

O termo cobra forza a partir do Renacemento debido a unha nova transformación no ámbito das armas e a un interese renovado nas cuestións da acampada e a fortificación (Halle 1983)¹⁶. Algúns

15 Cos termos *castrum* e *castellum* poderíamos referirnos a unha moi variada serie de asentamentos fortificados que existiron no noroeste peninsular desde a prehistoria recente ata a época medieval. A forte pervivencia que presentan topónimos como *castro*, *castelo*, *castronela* ou *castrinho* reflicte, de feito, o estendido uso destes vocábulos ao longo da nosa historia. Esta situación móstranos novamente a precaución coa que se debe proceder á hora de empregar latinismos para definir realidades histórico-arqueolóxicas concretas.

16 Co nacemento dos exércitos nacionais en época moderna producírase novamente a mobilización masiva de efectivos durante as campañas militares, polo que reverdece o interese pola práctica da acampada (O'Donnell 2006; Parker 1985: 209-211; Parker/Parker 1991: 27-30). Ao mesmo tempo, a introdución da pólvora no campo de batalla

dos vellos textos latinos que sobreviviran ao medievo –marcadamente os de Vitruvio, Polibio e Vexecio– convertéronse en obras de obrigada consulta para os estudosos da ciencia militar (Galindo 1996; Tavares 2008). Contribuíron así ao rexurdir teórico destas disciplinas, e déronlle unha resposta á necesidade dunha terminoloxía que describise a realidade militar presente.

O *Discours sur la castramétation et discipline militaire des Romains* (Du Choul 1554), rapidamente traducido ao italiano como *Discorso sopra la castrametatione et disciplina militare de Romani* (Symeoni 1555) e máis tarde ao castelán como *Los Discursos de la religión, castramentación, asiento del Campo, Baños y exerçios de los Antiguos Romanos y Griegos* (Pérez del Castillo 1579)¹⁷, marca simbolicamente o asentamento nas linguas romances dun termo que veremos habitualmente repetido nos tratados militares da idade moderna¹⁸.

Durante o século XIX, o vocábulo seguirá aparecendo en todas as súas variantes, ben designando contidos curriculares fundamentais nos programas das academias militares (Barreiros 1838; Biondi 1830; De Soroa 1896; Esclús 1845; Morrison 1974; Savart 1812), ben en textos técnicos propios do mundo das armas (d’Ayala 1841; Wilhelm 1881). Con todo, é entón cando comeza a popularizarse, ao figurar tamén nos dicionarios e enciclopedias de contidos xerais que floreceron na época (Labernia 1844; Nicholson 1818; Sandford *et al.* 1834; Tasso 1842).

provocará unha fonda transformación nas formacións e tácticas militares, así como nas técnicas de fortificación como resposta ás ameazas da artillería (Blanco-Rotea 2015; Parker 1990).

17 Un exemplar orixinal desta obra forma parte dos fondos da Universidade de Santiago de Compostela.

18 Como *castrametatione* primeiro (Cataneo 1569; Serlio 1576) e *castrametazione* despois consolidase en italiano (Patrizi 1594); como *castramétation* no francés (De Fallois 1771; Le Blond 1748; Stevin 1618); como *castrametação* (Mendes de Vasconcelos 1612) ou *castramentação** (Pimentel 1648) no portugués; e como *castrametación* en castelán (Ferraz 1800; Marín 1776). Incorporárase tamén á lingua inglesa procedente do francés a palabra *castrametation* como cultismo inicialmente ligado ao estudo da antigüidade latina (Cruso 1642; Lochée 1778).

4. Uso e variantes do termo na actualidade.

Desde o seu particular rexurdimento nas linguas romances a comezos da idade moderna, non parece que o termo sufrise alteracións de importancia nin na escrita nin no seu significado. Con todo, paseñamente fóronse eliminando nos dicionarios as formas menos respectuosas coa etimoloxía da palabra. Como *castramétation* existe actualmente na lingua francesa (*TLFi*), *castrametazione* na italiana (*Zingarelli*; *Devoto-Oli*; *HOEPLI*), *castrametação* na portuguesa (*Houaiss*; *Aurélio*), *castrametație/castrametațiune* na romanese (*DLR*; *DEX Online*), *castrametació* na catalana (*DIEC2*; *Cercaterm*) e *castrametación* na castelá (*DRAE*; *DEA*; *DRAIng*). En inglés sobrevive *castrametation*, antigo empréstito do francés (*OED*; *OED Online*).

Só no galego atopamos de forma xeneralizada unha desviación da raíz etimolóxica común, pois son múltiples as fontes nas que se recolle o vocábulo **castramentación*, referido á “técnica de establecer un campamento militar” *DRAG* (2016):

Táboa 1. Os vocábulos *castrametación* e **castramentación* nos dicionarios galegos (elaboración propia).

	Castramentación	Castrametación	Non o recolle
Galaxia	Boullón <i>et al.</i> 1988	Monteagudo / García 1994	
Xerais		Ares <i>et al.</i> 1988	Carballeira 2002
	Carballeira 2000		
Ir Indo		Feixó 1988	Feixó 1986
	Perozo/Ledo 1999		
Século 21	Hermida 2006		
	Pena <i>et al.</i> 2006		
Edicións do Cumio	López, Cruz <i>et al.</i> 2004		
	Hermida 2004		

RAG	González /Santamarina 2012		Real Academia Galega 1990
	González /Santamarina 2004		
	González /Santamarina 2016		
			Real Academia Galega 2000
Sotelo Blanco- Estravís		Alonso 1995 [castrametazón]	
		Alonso 1986	
Ediciones Cardeñoso		Pérez Barreiro 2008	
Universidade de Vigo	Gómez/Gómez 2004 [castramentación só como sinónimo de castrar]		

Se analizamos a produción científica no eido das humanidades no conxunto do Estado Español, podemos apreciar un curioso fenómeno: é posible atopar un bo número de publicacións especializadas nas que se fai un uso do termo contrario ao que establece a norma, é dicir, nos que se emprega o termo **castramentación*. Este feito non é exclusivo dos traballos escritos en castelán, que son moito máis abundantes (Adroher 2006; Álvarez 2002; Fernández 2012; García Alonso 2003, 2006; Mantecón/Marcos 2008; Morillo 1993; Morillo 2008: 110; Peralta 2002b; Sáez 2004), senón que se pode apreciar tamén na ciencia escrita en catalán (Cortada 1998: 224; Olmos 2010: 357; Pérez i García 2010: 33), por exemplo. Nalgún caso bastante peculiar documéntase incluso dentro dunha mesma obra o emprego das dúas formas, a etimolóxica e a variante (Gorges/Rodríguez 2006; Serna 2010).

Neste sentido debe sinalarse un aspecto de non pouca importancia: os dicionarios terminolóxicos de uso máis frecuente na arqueoloxía e na historia antiga a nivel estatal (Alcina 1998; Fatás/Borrás 1990; Ocampo 1992; Speake 1999) non mostran ningunha entrada especificamente referida á “técnica de establecer un campamento militar”. De feito, na única obra deste tipo onde figura o

vocábulo que nos ocupa, aparece na forma contraria á etimoloxía:
**castramentación* (Roldán 2006).

É posible que esta indefinición alentase durante anos o uso errado do termo entre os especialistas, pero o certo é que nos últimos anos xeneralizouse no ámbito da arqueoloxía a primeira solución, tanto no catalán (Hernández/Rubio 2009: 94; Principal 2015) como no castelán (Álvarez 2013; Campos/Bermejo 2015; Costa-García 2011; Martín 2015; Menéndez 2013; Sánchez 2012).

Unha rápida busca en internet permite contrastar este proceso nun rango máis amplo. Se a finais do ano 2012 as entradas correspondentes a *castrametación* ascendían no buscador Google a 3430, **castramentación* acadaba as 3990 (Costa-García 2013: 16, n. 24). A comezos do ano 2017 (23/02) a proporción é xa 44430-1790 a favor do primeiro vocábulo en castelán, mentres que no catalán a diferenza entre *castrametació* e **castramentació* é aínda máis dramática: 298-9.

Algo semellante ocorre coa lingua portuguesa, pois as buscas mostran o predominio de *castrametação* (991) sobre **castramentação* (304). Con frecuencia estes vocábulos aparecen relacionados coas actividades dos exércitos portugués e brasileiro en tempos recentes, pero é máis difícil rastrear o seu emprego na produción científica humanística. Así, en Portugal resultan case inéditos no ámbito da arqueoloxía militar romana (Alarcão/Barroca, 2012)¹⁹. Con todo, nas obras referidas ás fortificacións de época moderna encontramos o termo normativo (Mendoza 2011) a variación co -n- engadido (Moreau 2011) ou ben ambas as solucións no mesmo traballo (Tavares 2008). Así pois semella que o país veciño viviu unha situación semellante no tocante ao heteroxéneo uso deste termo.

19 En efecto, o estudo do exército romano desde a arqueoloxía en Portugal aínda non conta cunha tradición consolidada. As achegas son puntuais e localizadas (Fabião 2005, 2006).

5. O caso do galego

Este breve percorrido pola evolución do vocábulo nas restantes linguas romances pode axudarnos a entender o curioso fenómeno de bicefalia historicamente testemuñado no uso deste termo no galego.

Se acudimos ao *Diccionario de dicionarios* (Santamarina 2006-2013), atopamos referenciada en diversas obras lexicográficas de inicios do século XX a forma que responde á evolución etimolóxica esperada (sen o <n>). Recóllese por exemplo **castrametazón* (Real Academia Galega 1913-1928) co significado de “el arte de disponer los campamentos”. Xunto con esta, anotamos outras formas da mesma familia léxica: **castrametado* (*Ibid.*), co significado de “defensa del campamento; fortificado en trincheras” e **castrametar* (Filgueira 1926), co significado de “acampar, fortificar”.

Ao mesmo tempo, se recorremos á base terminográfica do TILG, atopámonos con que tamén nesa época se recolleu a forma **castramentación* en dúas ocasións na obra de López Cuevillas (1933: 114-115) con idéntico significado, tal e como podemos deducir dos contextos referenciados²⁰. Cabe sinalar que ao longo de todo o século XX non abundan os textos especializados nestas cuestións históricas nin se constata unha consolidada produción científica arqueolóxica en galego²¹, de aí a escasa presenza do vocábulo na lingua escrita en calquera das formas sinaladas.

Con todo, nas diversas obras lexicográficas que se foron publicando ao longo dos anos, podemos localizar o termo, nunha ou outra das súas formas. Nel atopamos un patrón de uso no que se observa un cambio de criterio: se ben nas obras publicadas ata mediados dos 90 recollen a forma correcta, *castrametación* (Feixó 1988;

20 “Confesamos que semellantes emprazamentos, opostos ós máis rudimentares principios de castramentación costítien pra nós un fenómeno inespricabre” e “Mais, por outra parte, é sabido que a ciencia de castramentación dos romanos achábase suxeta a regras fixas, e que todo acampamento grande ou pequeno tiña unha forma enteiramente regular i estaba provida das catro portas”.

21 Malia que en Galicia existen dous importantes asentamentos militares, como son os fortes da Cidadela (Sobrado dos Monxes, A Coruña) e Bande (Ourense), a produción científica sobre estes en galego é escasísima (Caamaño 1991; Costa-García 2010; Rodríguez 1991).

Ares 1988; Monteagudo/García 1994; Alonso 1986, 1995)²², nas que saíron á luz a partir do final desa mesma década, a forma elixida é **castramentación* (Peroz /Ledo 1999; López *et al.* 2001; Hermida 2006; Pena 2006).

Caso para mencionar á parte é o de Xerais: no seu *Dicionario Xerais da Lingua* de 1988 (Ares 1988) recolle a forma *castramentación*, que desaparece na súa edición de 2002 (Carballeira 2002) aínda que a recupera no *Gran Dicionario Xerais da Lingua Galega* (Carballeira 2009 [1ª Ed. 2000]).

Posteriormente atopamos exemplos que non seguen esta tendencia: *castrametación* é correspondencia galega do termo en inglés *castrametation* no *Diccionario completo galego-inglés inglés-galego* (Pérez Barreiro 2008). Pola súa parte, no *Diccionario de sinónimos do galego* (Gómez 2014) recóllese **castramentación*, pero como sinónimo de castrar, e polo tanto totalmente fóra do ámbito ao que nos estamos a referir.

Malia estas excepcións, a forma asentada en todas referencias máis recoñecidas é **castramentación*, tanto en papel como en formato dixital²³.

Cales poden ser as razóns polas que, en contra da norma, ten lugar o emprego do termo no que engade un -n- non etimolóxico? Desde unha perspectiva de lingüística histórica sabemos que non é correcto xa que non existe no galego actual ningunha palabra terminada en *-entación* que non proveña dun termo latino (clásico ou medieval) no que figure ese -nt-²⁴. No entanto, á inversa, os escasos

22 Coa excepción do *Diccionario normativo galego-castelán* (Boullón 1988), onde figura **castramentación*.

23 Debemos facer mención tamén ao *BUSCatermos*, o banco de terminoloxía multilingüe de referencia para o galego, que ao ter como referente o *DRAG* recolle a forma **castramentación*.

24 Así, alimentación (lat. med. *alimentatio -onis*), argumentación (lat. *argumentatio -onis*), experimentación (lat. tard. *experimentatio -onis*), fermentación (lat. tard. *fermentatio -onis*), lamentación (lat. *lamentatio -onis*), sustentación (lat. *sustentatio -onis*), tentación (lat. *tentatio -onis*).

Moi habitualmente son palabras que xurdiron por flexión doutras de orixe latina xa existentes na lingua: ambientación (lat. *ambiens -entis*, ambiente> ambientar), cimentación (lat. *caementum -i*, cemento> cimentar), complementación (lat. *complementum -i*, complemento> complementar), condimentación (lat. *condimentum -i*, condimento> condimentar), documentación (lat. *documentum -i*, documento> documentar), fragmentación (lat. *fragmentum -i*, fragmento> fragmentar), fragmentación (lat. *formula*

vocábulos acabados en *-etación* son formalmente fieis as súas orixes latinas²⁵. Polo tanto, non existen na lingua galega un razoamento etimolóxico nin un uso continuado e consolidado que sustenten o emprego da forma **castramentación* fronte a *castrametación*.

Unha vez sentada a base para o emprego do termo correcto, debemos afondar na determinación da causa desa bicefalia, que derivou na xeneralización do uso da forma non etimolóxica.

Un breve repaso permítenos determinar que:

1. A principios do século XX, nas poucas ocasións nas que aparece recollidas, empregábase unha ou outra segundo preferencia do autor;
2. nos dicionarios monolingües e bilingües publicados durante os anos 80 e primeiros anos dos 90 recollíase a forma correcta segundo a súa evolución etimolóxica;
3. a mediados dos anos 90 produciuse un cambio de criterio que determinou que comezase a recollerse o lexema incorrecto: **castramentación*.

Aínda que non coñecemos as razóns para o cambio de criterio á hora de recoller o vocábulo nos traballos terminográficos, o feito de que se repita en todos eles parece derivado dunha reprodución incorrecta, que se foi estendendo ata xeneralizarse e integrarse como forma única e correcta.

Así pois, por todo o devandito, concluímos que *castramentación* é unha desviación, que se asentou no uso, e tamén nas referencias bibliográficas modernas, pero que non se sustenta etimoloxicamente.

A forma correcta, que garda ademais correspondencia coa denominación nas linguas románicas máis próximas, e polo tanto a nosa proposta de uso, é *castrametación*.

